

# POLÍTICA DE PRIVACIDADE

## I. INFORMACIÓN BÁSICA:

*Información básica sobre a Protección de Datos.*

### RESPONSÁBEL

EDICIÓN DO PEIRAO.

CIF: J-70.397.930

Domicilio: Rúa Riga, 4 - 2ºB

15707 Santiago de Compostela

### CATEGORÍA DE DATOS

Datos de contacto e de carácter identificativo, e outros datos que vostede nos proporcione.

### FINALIDADE

Venda e envío de libros.

### LEXITIMACIÓN

Consentimento do interesado.

### DESTINATARIOS

Non se efectúan cesións de datos a terceiros, nin estes se transfíren internacionalmente. Sen prexuízo do anterior, os datos persoais serán accedidos por provedores de servizos.

### DEREITOS

Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade e limitación do tratamento ante o responsábel do tratamento. Así mesmo, poderá revocar o consentimento en calquera momento mediante comunicación,

dirixíndose a EDICIÓNS DO PEIRAO Rúa Riga, 4 - 2ºB (15707) Santiago de Compostela, ou ben a través de [dopeirao@dopeirao.eu](mailto:dopeirao@dopeirao.eu)

### PROCEDENCIA

Só tratamos os datos persoais que Vostede nos facilite.

## **II. INFORMACIÓN DETALLADA**

A presente Política de Privacidade describe a forma na que EDICIÓNS DO PEIRAO con domicilio en Rúa Riga, 4 - 2ºB (15707) Santiago de Compostela, tratará os datos de carácter persoal que Vostede nos proporcione, e que no seu caso recolleremos sobre Vostede.

### 1. DATOS PERSONAIS QUE TRATAMOS

Nós tratamos datos persoais de carácter identificativo e profesional que Vostede nos proporciona a través da Web [www.dopeirao.eu](http://www.dopeirao.eu) ao levar a cabo a compra dalgún dos nosos exemplares que figuran no subapartado de «A CANTINA» ou ben a través da nosa lapela de «CONTACTO».

Teña en conta que a información sinalada como obrigatoria por exemplo mediante o emprego dun (\*) que acompañe aqueles campos obrigatorios é imprescindible para poder poñernos en contacto con Vostede.

Nós poderemos tratar as seguintes categorías de datos persoais proporcionadas por Vostede: datos de carácter identificativo, como nome, apelidos, teléfono, correo electrónico, código postal e sexo.

### 2. COMO E CON QUE BASE TRATAMOS OS SEUS DATOS PERSONAIS

Os seus datos persoais serán tratados única e exclusivamente para poder levar a cabo o envío daqueles exemplares que adquirise na nosa páxina web, ou ben para resolver algunha cuestión exposta por vostede a través da nosa lapela de contacto.

### III. OS SEUS DEREITOS

Vostede ten dereito a que EDICIÓNS DO PEIRAO lle confirme se se están tratando ou non os seus datos persoais e, nese caso, a solicitar o acceso aos datos persoais e a determinada información sobre o tratamento (fins, categorías de datos tratados e destinatarios, entre outros aspectos) (DEREITO DE ACCESO). Así mesmo, ten dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos (DEREITO DE RECTIFICACIÓN), así como a supresión destes cando, entre outros motivos, xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos (DEREITO DE SUPRESIÓN). En determinadas circunstancias (por exemplo, en caso de que o interesado impugne a exactitude dos seus datos, mentres se verifica a exactitude dos mesmos, Vostede poderá solicitar que se limite o tratamento dos seus datos, mentres se verifica a exactitude de los mesmos), Vostede poderá solicitar que se limite o tratamento dos seus datos persoais, sendo estes unicamente tratados para o exercicio ou a defensa de reclamacións (DEREITO Á LIMITACIÓN DO TRATAMENTO). Finalmente, ten Vostede a posibilidade de exercer o seu dereito á portabilidade dos datos, é dicir, a recibir os datos persoais nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e a transmitilos a outro responsábel do tratamento sen que o responsábel ao que llos facilitou llo impida, nos supostos legalmente previstos a estes efectos (DEREITO Á PORTABILIDADE DOS DATOS).

Vostede poderá exercer os seus dereitos ou revocar os consentimentos prestados na presente Política de Privacidade en calquera momento dirixíndose a EDICIÓNS DO PEIRAO con domicilio en Rúa Riga, 4 - 2ºB (15707) Santiago de Compostela, ou ben mediante un correo electrónico a [dopeirao@dopeirao.eu](mailto:dopeirao@dopeirao.eu). Tamén terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, especialmente cando non recibise satisfacción no exercicio de seus dereitos.

#### **IV. DESTINATARIOS DOS SEUS DATOS PERSOAIS**

Nós non cedemos os seus datos persoais a ningún terceiro, nin os transferimos internacionalmente.

#### **V. CONSERVACIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS**

Conservaremos os seus datos persoais polo tempo que resulte necesario para poder levar a cabo os fins para os que foron recollidos, así como para cumprir calquera obriga legal que se derive do tratamento dos mesmos. Transcorrido dito prazo, os seus datos serán suprimidos.

En Santiago de Compostela a 15 de maio de 2018.